**CONCELLO DE CEDEIRA** *(A CORUÑA)*
*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA DEZAOITO DE AGOSTO DE 2015.

PRESIDENTE
Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS
Dona Mª José Rodríguez Pérez
Don José Camilo Casal García
Don Manuel Pérez Riola
AUSENTES: SECRETARIA:
Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR ACCTAL:
Don Benigno Pérez García

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás doce horas e quince minutos do día dezaoito de agosto de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 03.08.2015**

De conformidade co preceptuado nos artigos 36 e 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección a acta da sesión realizada en data 03.08.2015 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2.- EXPEDIENTE ACTIVIDADE 2014/U013/000009**

Acordos adoptados:

1.- Conceder a licenza de actividade solicitada para a apertura dun comercio menor de materiais de construción no baixo.

2.- As licenzas entenderanse outorgadas a salvo de dereito de propiedade e sen prexuizo de terceiros. A concesión desta licenza non exime, ó seu titular, da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

**3.- EXPEDIENTE ACTIVIDADE 2015/U013/000010**

Acordos adoptados:

1.- Conceder a licenza de actividade solicitada para dous apartamentos turísticos.

2.- As licenzas entenderanse outorgadas a salvo de dereito de propiedade e sen prexuizo de terceiros. A concesión desta licenza non exime, ó seu titular, da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

**4.- EXPEDIENTE ACTIVIDADE 201/U013/000012**

Acordos adoptados:

1.- Conceder a licenza de actividade solicitada para a apertura dunha clínica dental.

2.- As licenzas entenderanse outorgadas a salvo de dereito de propiedade e sen prexuizo de terceiros. A concesión desta licenza non exime, ó seu titular, da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

**5.- EXPEDIENTE OBRA MAIOR 2015/U008/000006**

Acordoa adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuizo de terceiro, a licencia municipal de obra maior solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.
3º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a ásta a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construccións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licencia e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licencia aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 desetembro de 2007.

**6.- EXPEDIENTE OBRA MAIOR 2015/U008/000011**

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuizo de terceiro, a licencia municipal de obra maior solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 11.06.2015. 2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.
3º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a ásta a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construccións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licencia e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licencia aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 desetembro de 2007.

**7.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES TRAMITADAS**

Dase conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de obras menores tramitadas dende a última sesión da mesma:

1.- Expte. 2015/U009/000053: Cambio de tella e baixantes da vivenda

2.- Expte. 2015/U009/000077: Reparación de fachada: limpado de silicona vella e selado de novo

3.- Expte. 2015/U009/000078: Pintado de fachada

4.- Expte. 2015/U009/000079: Tabique de ladrillo para peche de trasteiro - almacén e colocación de pavimento

5.- Expte. 2015/U009/000080: Retirada de vertidos de terra que afectan á vía pública. A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

**8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 384/2015 DE 7.08.2015 DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR 2015/U008/000013**

Dase conta da resolución de Alcaldía núm. 384/2015 de 07.08.2015

**9.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR Dª CANDIDA DAMOTA PICOS NO EXPEDIENTE DE OBRA MENOR 2014/U009/000067**

Acordos adoptados:

1.- Desestima-lo recurso de reposición interposto con data 10.03.15 ( rex entrada 1497) por Dª Cándida Damota Picos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 8.01.15, confirmando o referido acordo.

2.- Notificar o acordo ós interesados no expediente.

(O Concelleiro D. Manuel Pérez Riola abandona a Sala de Xuntas, sendo as 13:00 horas).

**10.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

Acordos adoptados:

Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

| Nº REX | DATA DE FACTURA | TEXTO EXPLICATIVO | Pr. | Ec. | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/1411 | 22/06/2015 | FRA 28226 MAIZ | 171 | 22199 | 38,40 € |
| F/2015/1420 | 11/07/2015 | FRA 850 MONTAJE DE 2 VENTILADORES DE EXTRACCIÓN EN DESHUMECTADORA DE PISCINA. | 341 | 21300 | 1.076,08 € |
| F/2015/1431 | 09/07/2015 | FRA15/817 BOLSAS PIPICAN PRESUPUESTO A15/74 DE 08/07/2015 | 171 | 22110 | 96,20 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/1438 | 15/07/2015 | FRA FF-000025-2015 PINZA AMARRE Y BOLSA RESINA 2. ALBARAN VCFE-000258-2015 | 165 | 22199 | 249,86 € |
| F/2015/1439 | 15/07/2015 | FRA FF-000024-2015 ALBARAN VCFE-4-2015 DE 1/07/15. MATERIAL ELECTRICO. | 165 | 22199 | 1.015,19 € |
| F/2015/1445 | 24/07/2015 | FRA 2015 189 HONORARIO DIRECCIÓN DE OBRA PAVIMENTACIÓN RÚA EZEQUIEL. | 450 | 22706 | 753,55 € |
| F/2015/1446 | 24/07/2015 | Fra Emiti 2015 190 Honorarios Dirección de obra = 2% s/P.E.M.PAvimentación viais: A revolta, Ludeiro e a Presa Ezequie | 450 | 22706 | 709,59 € |
| F/2015/1447 | 29/07/2015 | FRA C/8103 MUEBLE PARA TV LOCAL DE MAYORES | 231 | 6500 | 250,00 € |
| F/2015/1448 | 30/07/2015 | FRA 7/2015 ALQUILER MES DE JULIO 2015 INMUEBLE PARQUE SAGRADO CORAZÓN Nº 6 | 231 | 20200 | 1.089,00 € |
| F/2015/1449 | 23/07/2015 | FRA FE15 190 00 OBRAS ABASTECIMIENTO DE AUGUA A LABOREÑA REALIZADOS EN EL PARIODO SEGÚN RELACIÓN VALORADA ADJUNTA | 161 | 6290 | 36.253,50 € |
| F/2015/1449 | 24/07/2015 | FRA EMITI 2015 192 HONORARIOS DIRECCIÓN DE OBRA = 2%S/P.E.M. MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FUTBOL | 450 | 22706 | 1.351,25 € |
| F/2015/1452 | 30/07/2015 | FRA F/1077 MANGUERA Y LANZA COMPLETA JARDINERÍA | 171 | 2291 | 32,08 € |
| F/2015/1453 | 30/06/2015 | FRA 73 ACONDICIONAMIENTO DE CESPEDE NO CAMPO DE FUTBOL | 341 | 2120 | 484,00 € |
| F/2015/1454 | 30/07/2015 | FRA F/1075 PROANOX BLANCO 4L Y RODILLO ESPUMA GUARDERÍA | 3231 | 2269 | 53,55 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/1459 | 30/07/2015 | FRA F/1080 SUMINISTRO PARA POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 48,98 € |
| F/2015/1460 | 30/07/2015 | FRA F/1081 SUMINISTROS ELECTRICOS PARA POLIDEPORTIVO | 341 | 2219 | 69,15 € |
| F/2015/1461 | 30/07/2015 | FRA 1083 CADENA, CANDADO LLAVERO PISTAS PADEL | 341 | 22199 | 48,42 € |
| F/2015/1464 | 30/07/2015 | FRA F/1087 PAVIGON.GOMA SUELO BOTONES NEGRO (MÁQUINA LIMPIA PLAYA) | 450 | 22199 | 9,50 € |
| F/2015/1465 | 30/07/2015 | FRA F/1084 MATERIAL DE FERRETERIA GRIFO, ALARGADERA, SELLADOR, POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 37,89 € |
| F/2015/1466 | 30/07/2015 | FRA F/1085 MATERIAL DE FERRETERIA PARA RIEGO ADAPTADOR GRIFO, CONECTOR PISTOLA RIEGO, POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 13,36 € |
| F/2015/1467 | 30/07/2015 | FRA F/1086 MATERIAL FERRETERIA POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 10,47 € |
| F/2015/1468 | 30/07/2015 | FRA F/1082 MATERIAL FERRETERÍA PARA POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 58,62 € |
| F/2015/1469 | 30/07/2015 | FRA F/1088 MATERIAL DE FERRETERÍA DESAFIX ANCLAJE VIAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 7,50 € |
| F/2015/1470 | 30/07/2015 | FRA F/1089 MATERIAL FERRETERÍA VÍAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 5,08 € |
| F/2015/1471 | 30/07/2015 | FRA F/1090 ROLLO CINTA PINTOR CREPP. VIAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 30,06 € |

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*


| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/1472 | 30/07/2015 | FRA F/1091 TACO NYLON PARA VIAS Pb | 450 | 22199 | 8,47 € |
| F/2015/1473 | 30/07/2015 | FRA F/1092 DULITRAFIC SEÑAL VIAL BLANCO VIAS PÍBLICAS | 450 | 22199 | 96,80 € |
| F/2015/1474 | 30/07/2015 | FRA F/1093 MATERIAL FERRETERÍA CHIRINGUITO PLAYA VÍAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 26,11 € |
| F/2015/1475 | 30/07/2015 | FRA F/1094 ESLINGA VIAS PÚBLICAS | 450 | 2219 | 45,94 € |
| F/2015/1476 | 30/07/2015 | FRA F/1095 ARTIFESA MANILLA PINA BAÑO PATOS. | 450 | 22199 | 21,80 € |
| F/2015/1477 | 30/07/2015 | FRA F/1096 SUMINISTROS FERRETERÍA GAYNER RUEDA CARRETILLO COPIA LLAVE MAQUINA DE LAVAR VÍAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 11,00 € |
| F/2015/1478 | 30/07/2015 | FRA F/1097 RECAMBIO TALOCHA VÍAS PÚBLICAS | 450 | 22199 | 17,69 € |
| F/2015/1479 | 30/07/2015 | FRA F/1071 MATERIAL FERRETERÍA QUILOSA ACRILICA PALETINA SUPER BLANCA PALETINA DOBLE COLEGIO NICOLAS DEL RIO | 3232 | 22199 | 20,65 € |
| F/2015/1480 | 30/07/2015 | FRA F/1098 MATERIAL FERRETERÍA ELEC. GILMA: CAJA 4 SCHUKOS+DOBLE. POLIDEPORTIVO | 341 | 22199 | 71,84 € |
| F/2015/148 1 | 30/07/2015 | FRA F/1074 MATERIAL FERRETERÍA ENLUCIDO POLVO PARA GUARDERIA. | 3231 | 22699 | 28,31 € |
| F/2015/148 7 | 31/07/2015 | FRA 4402 REPARACIÓN C-6378-BL TERRANO II. CERRADURA PUERTA IZQUIERDA. | 450 | 21400 | 157,30 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/148 8 | 31/07/2015 | FRA 4400 REPARACION 3666FFC BERLINGO. (MOTOR DE ARRANQUE, PILOTO REMOLQUE JARDINEROS) | 450 | 21400 | 164,56 € |
| F/2015/148 9 | 31/07/2015 | FRA 4401 REPARACION M-6252-YZ NISSAN. | 450 | 21400 | 1.007,60 € |
| F/2015/149 0 | 31/07/2015 | FRA 4399 REPARACIÓN TRACTOR MC CORNICK E4436BFV Y TRACTOR CONCELLO C104738VE | 450 | 21400 | 827,01 € |
| F/2015/149 2 | 01/08/2015 | FRA 106 IMPRESIONES CARTELES PLASTIFICADOS PARA LA PLAYA. | 171 | 22199 | 17,50 € |
| F/2015/149 5 | 31/07/2015 | FRA 2015/G/13 SERVICIOS DE LIMPIEZA DE CALLES Y SERVICIOS PBS. SAN ANDRÉS DE TEIXIDO MES JULIO. | 1621 | 22799 | 1.100,00 € |
| F/2015/149 6 | 31/07/2015 | FRA 2015/G/14 PRESTACIÓN DO SERVICIO DE XARDINER?A E LIMPEZA DO CEMITERIO MUNICIPAL CEDEIRA XULIO | 164 | 22799 | 247,50 € |
| F/2015/149 7 | 31/07/2015 | FRA FF000093-2015 LUMINARIA PESCADOR VIAL 150W | 165 | 22199 | 460,65 € |
| F/2015/150 1 | 31/07/2015 | FRA 1255 CUCHILLA DESBROZADORA MORIS 25.5 | 171 | 21300 | 127,41 € |
| F/2015/150 5 | 31/07/2015 | FRA 2832 SUMINISTROS DE JARDINERIA. ALBARAN Nº 26765, Nº 28002 Y Nº28680 | 171 | 22199 | 394,00 € |
| F/2015/150 6 | 31/07/2015 | FRA FB-431 S/PLOMO 95. ALBARÁN A1-14463 DE 13-07-2015 | 450 | 22103 | 75,77 € |
| F/2015/150 7 | 07/08/2015 | FRA R- 43176 CLORO PISCINAS, ENV.32 KG. / ( REFERENCIA 2201500127) | 341 | 22199 | 1.167,80 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/158 3 | 14/07/2015 | FRA 13 PREMIOS DEPORTIVOS: MEDALLAS, TROFEOS, CHAPAS. | 341 | 22199 | 1.341,89 € |
| F/2015/158 4 | 31/07/2015 | FRA 233 FABRICACIÓN GANCHOS A MEDIDA PARA POLIDEPORTIVO. | 341 | 22199 | 31,29 € |
| F/2015/1585 | 31/07/2015 | FRA 004750215/00000872 GASOLEO A C-104738,E4436BFV,E4436BFV | 450 | 22103 | 1.733,94 € |
| F/2015/1586 | 31/07/2015 | FRA 004750215/00000884 GASOLEO A Y SIN PLOMO 95 | 450 | 22103 | 727,60 € |

TOTAL FACTURAS: **53.721,71** €

**11.- APROBACIÓN LISTA DE COBRO SAF XUÑO 2015**

Acordos adoptados:

1º) Seguir aplicando o mesmo criterio para o cálculo do copago das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar en tanto non se adapte a ordenanza municipal reguladora do programa de axuda no fogar ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo

2º) A aprobación da lista de cobro do servizo correspondente ó mes de xuño de 2015, se compón de 71 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.964,18 €

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.

**12.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE E RETIRADA DE LICENCIA DE AUTOTAXI NÚM. 11**

Acordos adoptados:

1.- Declara-la caducidade e retira-la licencia de autotaxi nº 11 por aplicación do art 12.2 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, en relación co art 48 do RD 763/79 polo que se aproba o Regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros.

2.- Inadmiti-la solicitude de transmisión da licencia municipal de autotaxi nº 11 presentada con data 5.02.15 ( rex entrada 0617).

3.- Dar traslado do acordo ó Rexistro de títulos habilitantes co fin de que se practique a pertinente anotación de caducidade e retirada da licencia de autotaxi nº 11.

4.- Notificar o acordo a D. C. V. P. Q. asi como a D A. S. M. e ó Grupo Autotaxis de Cedeira.

**13.- TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE AUTOTAXI NÚM. 2**

Acordos adoptados:

1.- Declara-la transmisión da licencia de autotaxi nº 2 a nome de D. G. T. D. en favor de Dª A. I. T. P..

2.- Esta transmisión está condicionada na sua eficacia, ó outorgamento da autorización interurbana de taxi ó novo titular. A tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licencia de taxi polo concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a persona interesada haberá de solicitar á Dirección Xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, que resolverá de xeito congruente co contido do informe previsto no apartado 3 deste artigo. No prazo máximo de un mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última haberá de darse inicio efectivo ó exercicio da actividade .

3.- Dar traslado deste acordo ó Rexistro de títulos habilitantes co fin de que se practique a pertinente anotación.

4.- En relación coa prestación do servicio para o que se establece prazo máximo de un mes desde a notificación da autorización de transmisión , infórmaselle á interesada que ó abeiro do previsto na Disposición transitoria 3ª da Lei 4/2013, e de acordo co previsto no art 17 do RD 763/79 pode:

4.1- explotar persoalmente a licencia para o que a interesada deberá de achegar a seguinte documentación:

- orixinal ou copia compulsada do permiso BTP
- permiso local de condución

4.2.- explotar conxuntamente a licencia mediante a contratación de conductor asalariado en posesión de BTP , do permiso local de condución e afiliado á seguridade social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión

5.- Notificar este acordo a Dª Ana Isabel Torrecillas Piñeiro asi como á Asociación Local Autotaxi de Cedeira.

**14.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (FINAL) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DA RÚA EZEQUIEL LOPEZ**

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a certificación núm. 1 (final) da obra "Pavimentación da Rúa Ezequiel López" por un importe de 24.255,01 euros e a súa documentación anexa, e remitila á Deputación Provincial, para os efectos xustificativos da execución da antedita obra.

2.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

3.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

**15.- CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS**

1.- Iniciar a contratación do subministro de equipos informáticos <u>novos</u> para as dependencias

municipais, solicitando a presentación de ofertas a :

- APP INFORMÁTICA CEDEIRA. email: appcedeira@hotmail.es
- JAVIER CANERO MANTEIGA email: javiercaneiro@hotmail.com
- JOSÉ MANUEL GARCÍA CARUNCHO email: jm@gestron.com
- DELL COMPUTER, S.A.. email: ramiro_lopez@dell.com

2.- Aprobar o gasto que representa este subministro polo importe total de 8.361,81 euros. 3.- Os requisitos esixibles serán os seguintes:

Prezo: 1 punto
Incremento de número de unidades: 9 puntos en proporción ao valor estimado de cada equipo (1 CPU adicional equivale a 3,26 monitores)
Prazo subministro: Antes do 10 de setembro (30 de setembro para xustificar a subvención
Características:

Características mínimas para a CPU
Procesador Core i3 - 4150 4ª Gen ou similar Memoria RAM: 4 GB
Disco duro de 500 GB SATA 3.5" / 7200 rpm Tarjeta gráfica; Intel HD Graphics 4400 ou similar Unidad óptica: DVD+- RW SATA
Tarjeta de red; 10M/100M/1000M Gigabit Ethernet WINDOWS 7 Pro 64 bits

Características mínimas para os monitores
Tamaño mínimo 23,5"
Resolución: 1920 x 1080
Brillo (cd/m2): 250
Ratio Contraste: 10.000.000:1
Tiempo Respuesta (ms): 5
Ángulo Visión (°): 178º / 178º
Conexións
1x D-Sub
1 x DVI-D
1 x HDMI

Características mínimas para o portatil de 14 "
Procesador Intel Celeron ou similar
Número de núcleos de procesador: 2
Velocidad de reloj: 2.16GHz
Memoria interna: 2 GB
Disco Duro: 500 GB
Pantalla Led máximo 14.0"
Resolución de la pantalla: HD 1366 x 768 Pixeles
Ethernet LAN, velocidad de transferencia de datos: 10, 100 Mbit/s
Tipo de Wireless LAN: 802.11b/g/n
Sistema operativo instalado: Windows 8.1 64 bit con downgrade a WINDOWS 7 Pro 64 bits

Características mínimas para o portatil de 15,6 "
Procesador Intel Dual – Core i5 4ª Gen 4210U/1.7 GH ou similar 3MB Cache
Velocidad turbo máx. 2.7. GHz
Memoria RAM: 4 GB
Disco duro de 500 GB HDD / 7200 rpm

Pantalla de 15.6” Panorámica Retroiluminación LED, Resolución: 1920 /1080 (Full HD)
Procesador gráfico Intel HD graphics 4400 ou similar
Sistema operativo instalado: Windows 8.1 64 bit con downgrade a WINDOWS 7 Pro 64 bits

EXEMPLO DE UNIDADES A SUBMINISTRAR E IMPORTE DE LICITACIÓN:

| | Unidades | Prezo sen IVE | IVE (21%) | Total con IVE |
|---|---|---|---|---|
| CPU | 13 | 460,53 | 96,71 | 557,24 |
| Monitor | 2 | 141,23 | 29,66 | 170,89 |
| Portátil 14 “ | 1 | 218,93 | 45,98 | 264,91 |
| Portatil 15,6 “ | 1 | 422,31 | 88,69 | 511,00 |

4.- O prazo para presentar ofertas será ata o vindeiro día 31 de agosto de 2015 ás 13:30 horas, e deberase presentar no Rexistro Xeral de Entrada, en sobre pechado, indicando nel o nome do licitador e no asunto “Proposta para subministrar novos equipos informáticos para as dependencias municipais”.

5.- Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.

**16.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 370/2015 DE 04.08.2015 DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 370/2015. A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

**17.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA NÚM. 378/2015 E 379/2015 DE 05.08.2015 DE ADXUDICACIÓN DE DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL**

Dase conta á Xunta de Goberno Local do decreto de Alcaldía núm. 378/2015 e 379/2015 de 05.08.2015

**18.- ASUNTOS VARIOS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e dez minutos do expresado día.